

A desacralización da expresión *paciência de Jó* na literatura brasileira do século XIX¹

Desacralization of the idiom paciência de Jó in XIX century Brazilian literature

Vicente de Paula da Silva Martins
Universidade Estadual Vale do Acaraú (Brasil)
ORCID: 0000-0003-2519-7607
vicente.martins@uol.com.br

Márton Tamás Gémes
Universidade Estadual Vale do Acaraú (Brasil)
ORCID: 0000-0003-4016-1266
marton_tamas@uvanet.br

Resumo: O presente estudo investiga a forma en que a literatura brasileira do século XIX, ao reinterpretar expresións de orixe bíblica, especialmente aquela asociadas á figura de Xob (Jó, en portugués), contribúe ao proceso de desacralización do sagrado. Fundamentado nas reflexións de Émile Benveniste sobre a blasfemia e a eufemia, o traballo analiza a transgresión e a deconstrución da sacralidade a través da linguaxe literaria. Ao ironizar sobre locucións como *ter a paciência de Jó* (e as súas variantes) en obras de autores como José de Alencar e Joaquim Manuel de Macedo, obsérvase un distanciamento da «pureza relixiosa» orixinal que transforma esas expresións fixas en vehículos de crítica social cargados de novas significacións. O artigo tamén explora a análise de Martin Puchner sobre a Biblia como un texto fundamental da cultura occidental, destacando como, coa chegada do Século das Luces, a Biblia pasou a ser lida non só como un texto sagrado, senón tamén como unha obra literaria e histórica, ampliando as súas múltiples interpretacións. A investigación revela que, ao se afastar da exexese tradicional, a literatura cuestiona normas relixiosas e sociais, ofrecendo, por medio das súas referencias bíblicas transformadas, unha nova visión sobre a moralidade, o

¹ Data de recepción: 30.01.25. Data de aprobación: 20.10.25
Tradución do portugués de Diego Rodríguez Vila (CRPIH).

sufrimento e a fe. Este estudo, así, demostra o papel da literatura no proceso de reconstrución da moralidade e das relacións interpersoais no Brasil do século XIX ao desafiar a xerarquía entre o sagrado e o profano.

Palabras clave: desacralización; literatura brasileira; Biblia; paciência de Jó; sacralidade.

Abstract: *The present study examines the way in which 19th century Brazilian literature, by reinterpreting expressions of biblical origin, specifically those associated to Job's figure (Jó, in portuguese), contributes to the process of desacralizing sacredness. Based on Émile Benveniste considerations on blasphemy and euphemy, this paper analyzes transgression and deconstruction of sacredness through literary language. A disengagement to their original «religious purity» is observed in the ironic usage of idioms such as ter a paciência de Jó, 'to have Job's patience' (and other variations) in literary works of Brazilian authors as José de Alencar and Joaquim Manuel de Macedo. Ironization transforms these fixed expressions into devices of social criticism packed with new meanings. This article also explores Martin Puchner's analysis of the Bible as a fundamental text of western culture, highlighting how the Enlightenment revolution lead to it being read not only as a sacred scripture, but also as a literary and historic piece of work, thus augmenting its multiple interpretations. The investigation also reveals that, by moving away from traditional exegesis, literature questions religious and social norms, thus offering a new perception of morality, suffering and faith through the alteration of biblical references. In this way, this study demonstrates the role of literature in the process of reconstructing morality and interpersonal relations in 19th century Brazil by defying the hierarchy of sacred and profane.*

Keywords: desacralization, Brazilian literature, Bible, paciência de Jó, sacredness.

1. A desacralización do sagrado na literatura

A reconfiguración da fraseoloxía bíblica nas obras da literatura brasileira do século XIX reflicte un proceso de desacralización e de resignificación das *expresións* relixiosas, anteriormente imbuídas dunha aura sagrada e que pasaron a ser utilizadas de maneiras diversas e, moitas veces, distantes do seu sentido orixinal. Esas *combinacións fixas*, inicialmente ligadas ao campo relixioso, son reinterpretadas no contexto literario, incorporando unha gama de significados que van alén da connotación sagrada, reflectindo as mudanzas socioculturais da época. No contexto do século XIX, marcado polo distanciamento da relixiosidade nas esferas sociais, o crecente racionalismo e o auxe da Ilustración, a literatura brasileira, por medio de novas correntes literarias, pasou a cuestionar e reformular as tradicións, incluíndo as *expresións idiomáticas* de orixe bíblica.

Os bibleísmos presentes nas obras literarias dese período poden ser agrupados en diferentes categorías, de acordo co modo en que se utilizan e se resignifican. As expresións ligadas á moralidade e á conduta, como *amar ao próximo como a si mesmo* e *filho pródigo*, son frecuentemente empregadas para reflectir as tensións sociais e morais da época, mentres que aquelas relacionadas co sufrimento e coa xustiza, como *cordeiro ao matadouro* e *juízo final*, son utilizadas para denunciar as desigualdades sociais ou para explorar o concepto de redención e castigo. Outras expresións, como *ir de Herodes a Pilatos* e *ir de mal a peor*, reconfigúranse para ilustrar o desgaste das institucións ou a corrupción moral presente na sociedade brasileira do século XIX.

Alén diso, expresións relacionadas con conceptos de poder e autoridade, como *lei de talião* e *levantar falso testemunho*, son empregadas de forma crítica, reflectindo a maneira en que a literatura aborda as xerarquías sociais e as inxustizas do sistema xurídico e político da época. En relación á relixión, expresións como *cova dos leões* e *Deus proverá* gañan novos significados ao seren usadas para cuestionar ou ironizar sobre as institucións relixiosas e as súas prácticas.

No entanto, é a expresión *ter uma paciência de Jó* a que destaca na análise literaria do século XIX. Orixinalmente asociada á figura bíblica de Xob (Jó, en portugués), quen, segundo o relato bíblico, demostrou unha paciencia inquebrantable perante o sufrimento imposto por Deus, esa locución verbal pasou a ser reconfigurada nos textos literarios para reflectir a resistencia diante das adversidades, mais cunha abordaxe máis pragmática e, moitas veces, irónica. En diversas obras, a expresión *ter uma paciência de Jó* é utilizada para evidenciar o sufrimento dos personaxes, mais tamén para criticar a pasividade ou a subordinación fronte a unha realidade social opresiva. En moitos casos, a paciencia, que no contexto bíblico representaba unha virtude cristiá, nas novelas do século XIX adquire unha connotación de resignación fronte a unha inxustiza ou a un sistema opresor.

Polo tanto, as fraseoloxías bíblicas no contexto literario do século XIX non só preservan as súas raíces (ou motivacións) orixinais, senón que tamén se reconfiguran, gañando novos significados e contextos. Ao seren incorporadas á literatura, non se limitan a unha simple repetición do sagrado, senón que pasan a reflectir e a comentar as transformacións sociais, culturais e políticas do Brasil oitocentista, pois desempeñan un papel crítico e reflexivo na construción das narrativas e nas representacións das tensións da época. A análise desas expresións, e particularmente a de *ter uma paciência de Jó*, revela como a literatura brasileira do século XIX utiliza o léxico bíblico para abordar temas universais como o sufrimento, a xustiza, a moralidade e a resistencia, desafiando as convencións e resignificando o sagrado no contexto secularizado da época.

A nosa análise expándese alén da lingua portuguesa ao incorporar unha revisión da fraseoloxía bíblica en contextos internacionais. O traballo recorre a estudos relevantes, como o de Ocheretna *et al.* (2022), que investigan os biblicismos na fala coloquial e no texto literario en inglés, e o de Adamia, Shelia e Marhania (2020), que realizan unha análise comparativa das unidades fraseolóxicas bíblicas nas linguas inglesa, rusa e xeorxiana, trazando paralelos entre os fenómenos de desacralización en diferentes culturas. A pescuda tamén se apoia no traballo de Fedulenkova (2020), que examina a evolución da fraseoloxía bíblica no inglés moderno, e no estudo de Kováčová (2017), que realiza unha análise interlingüística da fraseoloxía bíblica nos contextos eslovaco e checo. Alén diso, obras como as de Gjerji (2015), que aborda as expresións bíblicas emprestadas entre o inglés e o albanés, e Cajzlova (2017), sobre o uso dos biblicismos na prensa americana, fornecen dunha base teórica sólida para comprender a forma en que as referencias bíblicas se poden interpretar e adaptar nas dinámicas culturais e lingüísticas de diferentes nacións. As investigacións de Reunova (2014), que examina as características pragmalingüísticas das expresións idiomáticas bíblicas en varias linguas, e as de Luque Nadal (2010), que comparan as referencias bíblicas no inglés

e no español, son igualmente fundamentais para comprender o impacto cultural desas expresións. A pescuda de Cantera Ortiz (2005), que analiza a fraseoloxía bíblica e o seu reflexo no refraneiro español, e a de Balibar-Mrabti (2005), que discute os límites da frase fixa, amplían a comprensión sobre as variacións na fraseoloxía relixiosa. Finalmente, Funk (1998) destaca a importancia da Biblia como un indicador cultural ao observar a súa influencia na construción do proverbio en varias culturas. Ao integrar esas influencias externas e comparativas, o estudo ofrece unha visión máis abrangente sobre a desacralización da fraseoloxía bíblica, inseríndoa nun movemento global de transformación da linguaxe relixiosa, con reflexos significativos na literatura brasileira do século XIX.

O artigo fundaméntase aínda na reflexión de Émile Benveniste sobre a blasfemia e a eufemia, conceptos centrais no seu estudo das relacións entre linguaxe, relixión e sociedade. A partir desa análise, búscase ampliar a comprensión do papel da literatura na desacralización do sagrado, especialmente á luz da distinción crucial feita por Benveniste entre os termos latinos *sacer* e *sanctus*. Esa diferenciación, que implica non só o concepto de sacralidade, senón tamén o potencial subversivo que comporta, ofrece unha abordaxe máis ampla sobre como a literatura pode actuar como un campo de resistencia e cuestionamento das normas relixiosas e sociais. Benveniste apunta a ambigüidade do sagrado, amosando que non é un concepto fixo ou inmutable, senón unha construción pasible de transgresións e deconstrucións. Nese sentido, a literatura, ao manipular a linguaxe coa mesma ambivalencia que caracteriza o concepto de *sacer*, non só reflicte esa ambigüidade, senón que tamén contribúe a unha transformación na percepción do sagrado. A través do uso ambiguo da linguaxe, a literatura desafia as fronteiras do que é considerado sagrado e divino, cuestionando as normas establecidas entre o humano e o divino e reconfigurando as relacións de poder dentro dese espazo simbólico.

No campo da literatura brasileira do século XIX, esa análise ampliase mediante a incorporación dunha fraseoloxía popular de orixe bíblica, como a expresión *ter a paciência de Jó* e as súas variantes fraseolóxicas. Aínda que inicialmente reverente, esa expresión carga unha ironía implícita que subverte a santidad da figura bíblica de Xob, tradicionalmente asociada á paciencia diante do sufrimento. Na literatura e no uso popular, *ter a paciência de Jó* frecuentemente asume un ton irónico, deconstruíndo a imaxe de virtude e resistencia pasiva do personaxe bíblico. A expresión, ao facer referencia á figura sagrada, moitas veces é empregada para cuestionar ou ata deslexitimar o carácter reverente de Xob, transformándoo nun símbolo de resistencia pasiva ou resignada. Ao aplicar esa expresión na análise benvenistiana, obsérvase que, ao invocar o sagrado, ela tamén opera como unha transgresión simbólica, posto que deconstrúe o valor atribuído a Xob e subverte a percepción da súa figura como modelo de virtude. Esa ambigüidade, presente tanto na linguaxe popular como na literaria, contribúe ao proceso de desacralización, onde o sagrado deixa de ser só un obxecto de veneración e pasa a ser tamén susceptible de subversión e cuestionamento, ampliando a complexidade da relación entre relixión, literatura e sociedade no Brasil do século XIX.

Esa liña de reflexión é expandida por Martin Puchner en *O Mundo da Escrita* (2019), onde o autor diferencia «textos fundamentais» de «textos sagrados», co destaque da Biblia como exemplo notable de obra que, malia a súa natureza tradicionalmente relixiosa, tamén se insire na categoría de texto fundamental. Puchner define os «textos fundamentais» como aqueles que, ao longo da historia, moldearon profundamente as concepcións do mundo e as prácticas sociais, tornándose piares culturais. Nese sentido, a Biblia non se limita a ser unicamente un libro sagrado, senón que tamén é unha das «grandes narrativas» da cultura occidental, cuxas repercusións transcenden o campo relixioso e se estenden ás máis amplas dimensións da historia e da cultura.

Coa aterraxe da crítica literaria secularizada após o período ilustrado, como observa Anderson de Oliveira Lima (2023), a Biblia pasou a ser lida dunha maneira máis profana e crítica, especialmente no século XIX. Esta abordaxe cuestiona a visión tradicional relixiosa e reflicte un distanciamento da lectura teolóxica, que vía o texto bíblico como algo definitivo e universal. No entanto, o movemento de secularización non implica simplemente a perda da súa aura relixiosa, senón a aplicación de novas ferramentas analíticas inspiradas na literatura. Filósofos como Friedrich Schleiermacher introduciron unha lectura «científica» e máis obxectiva da Biblia, destacando aspectos literarios e históricos. Ese movemento pode ser interpretado como unha forma de «desacralización», na cal a Biblia pasou a ser encarada coma calquera outro texto literario, susceptible de análise e interpretación.

Lima propón o concepto de «desacralización» para describir o proceso de desprazamento da aura sagrada que envolvía a Biblia, que permitiu que fose apreciada tanto por crentes como por non-crentes como unha obra literaria de gran relevancia universal. Esta mudanza foi favorecida pola literatura, que contribuíu a reconfigurar a Biblia como un clásico literario, xa non restrinxido ao dominio relixioso, senón accesible a un amplo lectorado.

A partir desa nova perspectiva, o uso de expresións bíblicas nos textos literarios do século XIX proporcionou unha lectura máis plural e abrangente da Biblia. Ese fenómeno non só ampliou a accesibilidade do texto sagrado, senón que tamén inaugurou un novo paradigma de lectura literaria no cal se tratou a Biblia como un importante texto literario, cuxas leccións e influencias transcenden os límites da relixión. Autorías como José de Alencar (*As Minas de Prata*), Aluísio Azevedo (*O Coruja*), Joaquim Manuel de Macedo (*O Moço Loiro*), Valentim Magalhães (*Horas Alegres*) e José Vicente Sobrinho (*Contos e Fantasias*) exemplifican como a fraseoloxía bíblica se integrou á literatura dese período, reflectindo a transformación no entendemento da Biblia. Nese contexto, a literatura brasileira non só preservou, senón que tamén renovou a relevancia da Biblia, distanciándose das interpretacións teolóxicas tradicionais e ofrecendo unha nova visión crítica e literaria dos textos sagrados.

Mellado Blanco e Martins (2024) destacan a maneira en que a Biblia, ao ser reinterpretada de forma máis plural no Brasil, adquiriu un novo status como un clásico literario da cultura occidental, alén do seu papel central nas tradicións relixiosas. Ese fenómeno de desacralización permitiu que a Biblia continuase a influenciar non só o campo relixioso, senón tamén o literario e o cultural, converténdose nun punto de referencia para as producións artísticas e literarias.

Ese proceso de reintegración da Biblia como un clásico literario revela un novo paradigma de lectura no cal o texto bíblico se desvincula das interpretacións relixiosas tradicionais, tornándose accesible a un público lector máis amplo. Non obstante, o que afirmamos suscita unha pregunta fundamental: mesmo para unha persoa non-interesada na relixión, na fe etc., o elemento textual bíblico, ou ata unha simple alusión, non evoca, tamén, unha connotación bíblica? Entraría aquí o concepto da convención de plurivalencia, o que caracterizaría o texto bíblico aínda máis como texto «literario»? Nese contexto, a literatura convértese nun campo privilexiado para cuestionar e redefinir os límites entre o sagrado e o profano, proporcionando unha reflexión crítica sobre as relacións de poder, a moralidade e as dinámicas entre o individuo e a colectividade.

Unha abordaxe interesante para comprender como esa transformación ocorre na literatura é a análise de *Quando Pequenos Mundos se Despedaçam: O Ciclo Sombrio de José J. Veiga* (2022), de Márton Tamás Gémes. Ao analizar a obra de José J. Veiga, o investigador enfoca o uso de elementos relixiosos no contexto narrativo, especialmente na figura de Baltazar, argumentando que eses elementos non son unicamente adornos estilísticos, senón compoñentes esenciais da trama e da definición dos personaxes. Para Gémes, a relixiosidade na literatura é un punto crucial para comprender as relacións de poder, moralidade e falibilidade dos personaxes, pois amplía a ambigüidade moral das súas accións e decisións.

A partir desa análise (na verdade, un recorte epistemolóxico), o estudo proposto busca investigar de que maneira a fraseoloxía relixiosa, como a expresión *ter a paciência de Jó*, contribúe á construción da «moralidade pública» e das dinámicas de poder entre os personaxes da literatura brasileira do século XIX. Como reflecten eses termos relixiosos, usados con diferentes matices de significado, as tensións entre o individuo e a colectividade? E como impactan as variacións desas expresións á narrativa, moldeando a moralidade e as relacións sociais? Este estudo busca responder a esas cuestións, ampliando a comprensión das complexas construcións de moralidade e das dinámicas de poder na literatura da época.

O noso estudo concentrarase na análise de cinco variacións fraseolóxicas de orixe bíblica, todas relacionadas coa expresión *ter a paciência de Jó*. As variacións, como *ficar numa paciência de Jó*, *ficar provada a santa virtude da paciência*, *investigar com a paciência de um sábio velho*, *seringar a paciência de um pobre homem* e *sofrer só uma paciência de santo*, analizaranse nas súas manifestacións no século XIX, co obxectivo de entender como funcionan esas expresións na literatura, reflectindo as complexas construcións de moralidade e as dinámicas de poder en xogo na época.²

Este estudo busca, así, esclarecer como a fraseoloxía bíblica, coas súas variacións e resignificacións, desempeña un papel fundamental na construción das tramas e na definición das relacións interpersoais, reflexando as complexas interaccións entre o sagrado, o profano e a moralidade. Ao adoptar unha abordaxe crítica e literaria, este artigo propón unha lectura máis profunda das obras do século XIX, recoñecendo a interdependencia entre relixión, linguaxe e literatura, e a súa capacidade de dar forma ás tensións sociais e culturais do período.

² As cinco variantes de *ter a paciência de Jó* extraéronse de Mellado Blanco e Martins, 2024.

2. A santa virtude da paciencia

Porque, em verdade, não é um martírio; mas é a provação mais segura da paciência de um homem, o fazê-lo esperar por uma senhora, gamenha, que se veste para sair: assim como no fogo se prova o ouro e a prata, assim também nessa longa hora, em que o pai ou marido leva a bocejar, coçar a cabeça, passear pela sala e consultar o relógio, fica-lhe provada *a santa virtude da paciência*, e — o que é mais, são-lhe de justiça descontados boa meia dúzia de seus pequenos pecados.

[Porque, en verdade, non é un martirio; é a proba máis certa da paciencia dun home, facer que agarde por unha señora, enfeitada, que se viste para saír: así como no fogo se proban o ouro e a prata, así tamén nesa longa hora, que leva o pai ou o marido a bocexar, a cozar a cabeza, a pasear pola sala e a consultar o reloxo, quedalle probada *a santa virtude da paciencia* e, o que é máis, sonlle de xustiza descontados unha boa media ducia dos seus pequenos pecados.] (Macedo, 1845, p. 129-130, con ortografía actualizada en portugués)

En *O Moço Loiro* (1845), Joaquim Manuel de Macedo fai unha reflexión irónica sobre a paciencia humana, utilizando unha metáfora que remite á relixiosidade. A paciencia, frecuentemente considerada unha virtude cristiá asociada ao sufrimento e á redención, é abordada de maneira irónica como unha «santa virtude», mais nun contexto trivial e cotián. A palabra «santa» (na versión orixinal, «sancta») subliña unha exaxeración que transforma unha espera mundana, como a espera de Octávio pola esposa mentres se amaña, en algo digno de veneración, como se fose un sufrimento sublime. Ese xogo co sagrado e co santo, á luz dos conceptos de Émile Benveniste, ofrece unha crítica profunda á moralidade da época.

Benveniste define o sagrado como un espazo simbólico elevado e protexido da banalidade, mentres o santo é aquel que manifesta esa elevación, como no caso dos mártires ou ds virtudes cristiás. Macedo, ao asociar a paciencia de Octávio ao sagrado, ironiza esa relación. A paciencia, en vez de ser un sufrimento elevado e redentor, é retratada como unha reacción trivial, unha espera de natureza mundana, pero transformada nunha «virtude santa» a través da linguaxe e da exaxerada comparación co sufrimento dos mártires. Ao facer iso, Macedo subverte o sentido tradicional do sagrado e desacraliza a virtude cristiá da paciencia, pois colócaa nun contexto banal e distante das grandes probas que, na teoloxía cristiá, caracterizan os santos e mártires.

Esa desacralización da paciencia é un dos principais elementos da crítica social presente na obra. Ao transformar a paciencia de Octávio en algo exaxerado e irónico, Macedo denuncia como certos valores cristiáns eran frecuentemente distorcidos ou sobrevalorados pola sociedade carioca do século XIX. A espera pola esposa tórnase, na linguaxe do autor, nunha especie de virtude elevada, mais sen ningún contido profundo ou moral, só unha reacción a unha frustración cotiá. Nese proceso, o que debería ser unha virtude de resistencia e moralidade é banalizado, e Macedo pon en evidencia a hipocrisía dunha sociedade que, malia que profundamente relixiosa, se apoia en convencións e aparencias sen reflexionar verdadeiramente sobre os valores cristiáns que profesaba. Sería posible cuestionar aquí se esa expresión non revela o profundamente enraizada que estaba a imaxinaria bíblica/relixiosa no cotián e, consecuentemente, na fala carioca da época?

No sentido de *habitus*, estaría a imaxinación da época «colonizada» por imaxes e frases bíblicas?

Alén diso, a paciencia de Octávio tamén se pode ver como unha forma de devoción que, malia excesiva e emocional, remite ao sufrimento dos santos e mártires cristiáns. No entanto, como o propio autor procura destacar, esa devoción non ten o carácter redentor ou sagrado que se esperaría, posto que se dirixe a un amor imposible, non a unha causa divina. A ironía instálase na comparación entre a paciencia de Octávio e a paciencia dun mártir ou santo: en canto a paciencia do santo se imbúe de sufrimento e sacrificio, a paciencia de Octávio redúcese a unha espera desprovista de grandes tribulacións ou de sacrificios xenuínos.

Ao empregar ese tipo de ironía, Macedo cuestiona como a sociedade valora e aplica os conceptos de virtude e moralidade. O uso do termo «santa virtude da paciencia» non é un simple xogo de palabras, senón que funciona como unha crítica á superficialidade e á hipocrisía dunha sociedade que, ao asociar calidades como a paciencia a situacións triviais e cotiás, revela a fragilidade das súas normas sociais. A paciencia, que podería ser unha virtude cristiá profunda, transformada nunha banalidade cotiá, expón as contradicións entre o ideal cristián e a realidade social.

A obra de Macedo, ao tratar dunha virtude cristiá con tanta ironía e exaxeración, ofrece unha reflexión crítica sobre como as virtudes cristiás, cando son vistas so a óptica da sociedade carioca do século XIX, frecuentemente se distorcen, se sacralizan de maneira superficial e se aplican en contextos que non exixen verdadeira virtude. A paciencia de Octávio, na súa espera cómica pola esposa, convértese nun símbolo desas tensións entre o ideal cristián e as convencións sociais da época, onde a moralidade era moitas veces máis unha cuestión de aparencia ca de verdadeiramente vivir os valores cristiáns. A sacralización irónica da paciencia, neste caso, apunta cara a unha crítica máis ampla á relixiosidade superficial da sociedade carioca e á maneira en que as virtudes eran moitas veces usadas para reforzar normas sociais baleiras e hipócritas.

3. Só unha paciencia de santo

O tom severo dessas palavras desconcertou a velha. Ela começou a girar na recâmara toda alarmada, até que descobriu um imperceptível senão no toucado de Dulce: tratando de corrigir esse defeito, tantas coisas fez, que a dama foi obrigada a tocar-se de novo. Mas quando chegou a ocasião de trajar-se para a festa, *só uma paciência de santo* a poderia sofrer.

[O tom severo desas palabras desconcertou a vella. Ela comezou a dar voltas na recâmara toda alarmada, ata que descubriu unha imperceptible tacha no toucado de Dulce. Fixo tantas cousas tratando de corrixir ese defecto que a dama se viu obrigada a retocarse. Mais cando chegou a ocasión de traxarse para a festa *só unha paciência de santo* a podería soportar.] [...] (Alencar, 1866, p. 45, con ortografía actualizada en portugués)

En *As Minas de Prata*, José de Alencar utiliza elementos que evocan conceptos cristiáns, como a virtude da paciencia, para estruturar os dilemas morais dos personaxes, reflectindo así as tensións sociais e culturais do Brasil do século XIX. Ben que a novela non é explicitamente relixiosa, está imbuída de influencias cristiás, que permean tanto

as escollas morais dos personaxes como as cuestións sociais e familiares abordadas na trama. Eses elementos poden analizarse á luz dos conceptos de *sagrado*, *sacralización* e *desacralización* de Émile Benveniste, revelando como Alencar manipula esas nocións para explorar a moralidade e a crítica social presentes na súa obra.

A sacralización de certos conceptos morais, como a paciencia, ocorre cando eses valores, comúns no contexto cristián, se presentan como virtudes absolutas, superiores e espirituais, por riba da banalidade cotiá. A paciencia de santo, mencionada na novela, evoca unha virtude cristiá elevada, asociada á resistencia moral diante das situacións difíciles, como a paciencia de figuras bíblicas como Xob, que sofren en nome dun propósito maior. Cando Alencar utiliza a unidade fraseolóxica *só uma paciência de santo* para describir a espera dun personaxe por unha muller que se amaña, está a asociar a situación trivial á virtude sublime da paciencia, creando unha primeira sacralización dun concepto moral que, en principio, tería unha vinculación directa coa pureza espiritual e a resiliencia perante o sufrimento divino. A expresión *só uma paciência de santo* é unha forma figurada de dicir que algo exige unha paciencia inmensa, fóra do común, case sobrehumana. No contexto da pasaxe, esa expresión indica que o proceso de aviar a Dulce para a festa, que se volveu unha tarefa exhaustiva e inzada de detalles minuciosos, só o podería soportar alguén cunha paciencia extraordinaria: unha persoa con «paciencia de santo». Noutras palabras, no contexto máis amplo da obra de Alencar, a fraseoloxía bíblica suxire que unicamente alguén cunha paciencia extraordinaria sería capaz de aturar o proceso demorado e, probablemente, irritante de corrixir os mínimos detalles do peiteado e da roupa. Trátase dunha crítica sutil ao comportamento excesivamente perfeccionista e ao cuidado exaxerado da aparencia, que transforma unha situación simple en algo innecesariamente complicado e difícil de aguantar.

Con todo, esa sacralización manipúlase de xeito irónico, posto que a situación descrita é mundana e profana. Ao facer esa asociación exacerbadada, Alencar non só emprega o concepto cristián de paciencia como unha forma de inmortalizar a virtude, senón que tamén subverte a súa aplicación, poñéndoa nun contexto trivial e distante das grandes dificultades espirituais. Ese uso irónico e avultado da paciencia suxire que, en moitos momentos, a sociedade, e mesmo os propios personaxes, elevan calidades e comportamentos humanos a unha categoría que, pese a sacralizada pola tradición cristiá, carece de profundidade moral ou espiritual. Noutras palabras, a paciencia exixida aos personaxes afástase da grandeza do padecemento redentor para se converter nunha virtude case caricaturesca, aplicada en situacións do diario sen tormento profundo ningún.

Dito doutro xeito, esa transformación da paciencia en algo banal pode verse coma un exemplo de desacralización, concepto que Benveniste describe como o proceso a través do que un obxecto ou valor, inicialmente sagrado ou elevado, perde a súa aura transcendental e pasa a ser tratado de maneira trivial ou mundana. A paciencia, no seu sentido bíblico de virtude elevada e asociada á fe, tórnase, nas mans de Alencar, nunha calidade necesaria en situacións de pouca importancia, como a agarda por unha muller. O contraste irónico entre a grandiosidade da virtude e a banalidade da situación pon de manifesto unha crítica á sociedade que, a miúdo, desfigura ou banaliza valores profundos.

Así, o uso de Alencar da expresión *só uma paciência de santo* fai unha desacralización da virtude cristiá, que pasa a ser tratada de forma sinxela e case cómica, ao tempo que mantén a súa asociación cun ideal moral.

Alén diso, esa desacralización tamén serve como unha crítica social sutil, pois a sociedade descrita en *As Minas de Prata* parece facer o mesmo cos valores cristiáns e morais en xeral. A novela reflicte unha sociedade en transformación, onde as virtudes se elevan en símbolos de distinción, aínda que moitas veces se aplican de xeito superficial, sen unha reflexión profunda sobre o seu verdadeiro significado. Nunha época marcada por profundas desigualdades económicas e políticas, o acto de sacralizar ou desacralizar conceptos morais funciona como unha metáfora para o comportamento da elite e das clases dominantes, que adoitan utilizar valores cristiáns e morais para xustificar os seus privilexios e comportamentos, á vez que distorcen a súa verdadeira esencia.

Finalmente, a relación entre sagrado e profano en *As Minas de Prata* tamén se pode considerar como unha metáfora para a propia sociedade brasileira do século XIX. A sacralización da paciencia e a súa subsecuente desacralización encerra unha crítica á maneira rixida en que se aplicaban os valores cristiáns, aínda que habitualmente sen o calado ou o compromiso moral que tales valores exixirían. O contraste entre o «sagrado» e o «mundano» non é unicamente unha técnica literaria, senón tamén un recurso de Alencar para cuestionar a superficialidade das normas sociais e a hipocrísia moral da sociedade da súa época. Desa forma, *As Minas de Prata* non só narra unha historia de ambición e de amor, senón que tamén usa a sacralización e a desacralización de conceptos cristiáns para propoer unha reflexión crítica sobre a moralidade e a ética da sociedade brasileira do século XIX.

4. A paciencia dun pobre home

Ainda mais longe, um mofineiro, de gaitinha na boca, seringando a *paciência de um pobre homem* que passava pacatamente.

[Aínda máis lonxe, un infamador, de gaitiña na boca, xiringando a *paciencia dun pobre home* que pasaba sosegadamente.] (Magalhães, 1888, p. 100, con ortografía actualizada)

Na novela *Horas Alegres* (1888), Valentim Magalhães utiliza referencias bíblicas de forma irónica e satírica para criticar con contundencia o sistema xurídico brasileiro, resaltando a falibilidade das institucións humanas e a distancia entre a xustiza divina e a aplicación práctica das leis. Para comprender mellor as relacións entre os conceptos de Lei, Xustiza e Moralidade, podemos aplicar os conceptos de sacralización e desacralización de Émile Benveniste, que elucidan o xeito a través do cal eses valores inicialmente elevados e espirituais poden transformarse e desvirtuarse en contextos mundanos e profanos.

En *Horas Alegres*, a Lei é personificada como unha figura severa e impersoal, unha «emperatriz» que é reverenciada, aínda que sen ningunha conexión cos principios de misericordia e compaixón que caracterizan a verdadeira xustiza divina. A «Lei» é sacralizada, evocando o concepto bíblico dunha orde moral perfecta e inmutable, como a Lei de Deus expresada en Salmos 19:7, onde se afirma que «a lei do Señor é perfecta:

reconforta a alma». No entanto, a ironía xurde xustamente ao se colocar a Lei humana a carón da xustiza divina, suxerindo que, aínda que reverenciada como unha figura de autoridade absoluta, a Lei humana carece da perfección divina e da misericordia asociada á xustiza de Deus, como se observa en Mateu 23:23, onde Xesús critica os fariseos por se centraren excesivamente na Lei e desatenderen a xustiza, a misericordia e a fidelidade.

Aquí, a sacralización da Lei é inmediatamente seguida por unha desacralización cando se compara coa práctica corrupta e ineficaz da xustiza humana. A personificación da Lei como unha emperatriz ríxida e desfigurada revela o contraste entre a Lei divina, xusta e inmutable, e as fallas do sistema xurídico humano, no que as leis se manipulan para servir a intereses egoístas. Ese movemento de desacralización ilustra como a reverencia á Lei, que debiera ser sagrada, é profanada pola corrupción e ineficiencia do sistema xudicial.

De maneira similar, a figura de Dona Consciência, que personifica a capacidade humana de discernir entre o correcto e o incorrecto, recibe un tratamento irónico. Ela simboliza a consciencia moral dada por Deus, mais a súa presenza mínguase e ignórase, especialmente por parte de personaxes como Sancho. A tentativa de Sancho de «salvar» a súa consciencia reproduce o defecto humano en seguir o camiño moral divino, aliándose coa crítica do apóstolo Paulo en Romanos 2:15 sobre a «lei escrita no corazón» que debe guiar os individuos cara á verdadeira xustiza. Así e todo, como a consciencia é desatendida ou deformada pola corrupción dos personaxes, hai unha desacralización do concepto de moralidade divina, que debería ser intransixente e verdadeira, pero que se ve diluída pola hipocrisía humana. A «paciencia dun pobre home» fai alusión, entón, a unha resistencia silenciosa, case involuntaria, a un escenario tumultuoso e caótico, que reflicte a vivencia de quen non posúe outra escolla máis que soportar a situación con serenidade, malia a incomodidade. A expresión tamén fai unha crítica sutil ás condicións ás que acotío se confrontan as persoas máis humildes, forzadas a se adaptaren ás adversidades da súa realidade.

Esa desacralización da consciencia tamén está ligada á metáfora do Inquerito, unha figura que adormece repetidamente, o que suxire que o xuízo divino, aínda que inevitable e perfecto, parece demorar ou ser ignorado, mentres que a xustiza humana falla repetidamente. A imaxe do Inquerito durmindo fai referencia ao xuízo divino que, como en Eclesiastés 3:17, promete que «tanto ó xusto coma ó impío haos de vulgar Deus», pero que na práctica, no contexto da obra, parece non ter poder para corrixir os erros do sistema xudicial humano. A adormecida presenza da xustiza divina, que debería ser activa e inmutable, é desacralizada por mor da negligencia do sistema humano, que non acada a verdadeira xustiza.

Máis alá diso, a metáfora do Vademecum, utilizado para manipular as normas e evitar as dificultades do sistema xudicial, tamén é un exemplo de desacralización da sabedoría divina. As leis, que deberían ser un medio para a verdadeira xustiza, manipúlanse e distórcense para atender intereses persoais. Iso contrasta co concepto cristián da sabedoría divina, que debería ser intransixente e dirixida cara á moralidade verdadeira, como se describe en Santiago 1:5, onde se afirma que «Se algún de vós está necesitado de sabedoría, que lla pida a Deus, que llela dá a todos abundantemente e sen roñar». Pola

contra, o uso egoísta da sabedoría xurídica na novela reflicte a eiva en buscar a verdadeira sabedoría divina, o que resulta nunha desacralización da moralidade que debería penetrar no sistema legal.

Porén, a máis irónica desacralización ten lugar na expresión *a paciência de um pobre homem*, que fai unha crítica irónica ao concepto bíblico de paciencia, especialmente a paciencia de Xob. Mentres que a paciencia de Xob se representa nas Escrituras como unha virtude moral elevada, asociada á resistencia perante as grandes probas divinas, a paciencia de «un pobre home» preséntase de xeito trivial, nun contexto mundano e cómico. A escolla de Magalhães de se referir á paciencia dun home común, en situacións cotiás, en nada se asemella á grandiosidade moral e espiritual da paciencia bíblica. Ese uso irónico e desacralizador reduce a paciencia a unha calidade mundanal e case ridícula e tamén lle quita toda vinculación transcendente co sufrimento e coa fe que o concepto de «paciencia de Xob» implica.

Noutro exemplo, a metáfora de «seringando a paciência» (‘xiringando a paciencia’) suxire unha resistencia pasiva e resignada, sen ningún contexto de virtude moral ou de resistencia á tentación, como acontece coa paciencia de Xob. Ao contrario da paciencia bíblica, que carrega a forza dunha fe profunda e dunha conexión espiritual con Deus, a paciencia en *Horas Alegres* tórnase nunha simple tolerancia a pequenas irritacións cotiás, sen dimensión moral ou espiritual. Esa desacralización da paciencia de Xob pon de relevo a banalización da virtude moral nun contexto mundano, onde o sufrimento xa non se contempla como unha proba de fe ou resistencia, senón como unha simple cuestión de conformismo a circunstancias incómodas.

Polo tanto, ao usar as referencias bíblicas de maneira irónica e distorcidas nun contexto profano e mundano, Valentim Magalhães fai unha crítica profunda ao sistema xudicial e á sociedade que representa. O autor fai patente, a través da sacralización e desacralización de conceptos cristiáns como a Lei, a Xustiza, a Consciencia e a Paciencia, a falibilidade e a hipocrísia das institucións humanas, suxerindo que, nun mundo onde a verdadeira xustiza parece inalcanzable, a única esperanza recae sobre a misericordia e a redención divina.

5. A calma e a paciencia dun sabio vello

Pôde ser que esse apetite fosse ainda uma consequência da sua ideia fixa e dominante — a história do Brasil, obra esta a que ela se escravizara desde os seus vinte anos e da qual nunca se distraía, investigando sempre, inalteravelmente, com *a calma e a paciência de um sábio velho* que se dedica ao trabalho só pelo prazer de trabalhar, sem a menor preocupação de elogio ou glória [...].

[Pode ser que ese apetito fose aínda unha consecuencia desa idea súa fixa e dominante: a historia do Brasil, obra á que se entregara desde os seus vinte anos e da cal nunca se distraía, investigando sempre, inalterablemente, *coa calma e a paciencia dun sabio vello* que se dedica ao traballo só polo prazer de traballar, sen a menor preocupación polos eloxios ou pola gloria.] (Azevedo, 1889, p. 249, con ortografía actualizada)

Na novela *O Coruja* de Aluísio Azevedo, a paciencia, vista baixo a óptica de Émile Benveniste, pode analizarse como un exemplo de desacralización dun concepto

tradicionalmente sagrado. A obra, inserida no movemento naturalista, transforma a paciencia, unha virtude moitas veces asociada á espiritualidade, ao sufrimento e á redención, nunha calidade práctica e mundana. A comparación coa paciencia bíblica, como a descrita na pasaxe de Santiago 5:11, na cal a paciencia se exalta como unha virtude vencellada á resistencia perante as probas e á fidelidade a Deus, revela a maneira na que Azevedo traslada o concepto a un contexto secular. A paciencia de Xob, conforme se describe no Novo Testamento, é unha forza espiritual que, ademais de soportar o padecemento, tamén mantén a fe firme, coa promesa da recompensa divina ao final do día. É unha virtude asociada á salvación, ao xuízo divino e á misericordia de Deus, sendo, daquela, un reflexo dunha moralidade transcendente e ligada á espiritualidade. Non obstante, en *O Coruja*, Azevedo desacraliza ese concepto ao aplicalo a un personaxe, o «sabio vello», cuxa paciencia se revela nun traballo intelectual desprovisto de calquera conexión co sufrimento moral ou espiritual. O sabio vello non se enfrenta a probas divinas nin se atopa diante de desafíos espirituais. A súa paciencia é froito dunha disciplina intelectual conducida cara ao pracer polo coñecemento e cara á perseveranza ante a monotonía da súa tarefa, que é estudar a historia do Brasil. Non hai ningún sufrimento ou aflicción relixiosa que motive esa paciencia; trátase simplemente dunha característica de quen se dedica a un traballo arduo e continuo sen esperar recompensa divina ou moral. Ao contrario da paciencia bíblica, que é unha virtude que transcende o plano humano e se conecta co divino, a paciencia do sabio vello de Azevedo é unha práctica mundana e pragmática. Esta non se relaciona cunha causa maior nin cun propósito espiritual, senón coa perseveranza dun home dedicado ao estudo polo pracer do traballo en si mesmo, sen preocupación pola gloria ou polo recoñecemento. Nese sentido, a paciencia desacralízase ao retirarse dun contexto relixioso e moral e transfórmase nunha virtude ligada á constancia e ao esforzo intelectual, desprovista de calquera ligazón co transcendente. A paciencia na novela de Azevedo deixa de ser unha resistencia ao sufrimento espiritual ou moral para devir unha resistencia ao cansazo e á monotonía dun traballo continuo, malia que sen un gran desgaste emocional ou espiritual. A ausencia de sufrimento é unha das marcas desa transformación do concepto, pois, en canto na Biblia a paciencia de Xob se liga ao sufrimento físico e emocional, na novela de Azevedo a paciencia do sabio vello é simplemente unha característica de quen se dedica de forma metódica ao seu campo de estudo, sen maiores dificultades ou desafíos. Ese cambio de significado pon de manifesto a visión naturalista de Azevedo, que presenta os seus personaxes como moldeados por forzas externas, como o ambiente e o contexto social, en lugar de seren guiados por virtudes transcendentales ou espirituais. A paciencia de Azevedo, polo tanto, alíñase máis cunha actitude de perseveranza mundana, dirixida a obxectivos intelectuais, e non cunha virtude que pretenda a salvación ou a redención. Non hai aquí unha recompensa espiritual, como ocorre coa paciencia de Xob, senón unha dedicación ao traballo polo propio deleite polo coñecemento. A paciencia na novela convértese, así, nunha calidade que lle permite ao sabio vello persistir na súa tarefa sen desánimo, pero sen ningunha expectativa de recompensa divina ou moral. Aínda que esa paciencia adquira unha forma de resiliencia, non é transcendental nin espiritual; é exclusivamente un reflexo dunha postura práctica diante do traballo, unha paciencia ligada á continuidade e á disciplina, pero non á fe ou á moral relixiosa. Ese desprazamento dun concepto tradicionalmente sacralizado para un contexto mundano e racional revela unha crítica

implícita á sociedade da época de Azevedo, na cal mesmo as virtudes máis elevadas poden reducirse a prácticas cotiás e pragmáticas, desprovistas de calquera relación co sagrado. En *O Coruja*, a *paciencia*, que na tradición bíblica era un camiño de sufrimento e salvación, é tratada como unha virtude útil para a perseveranza intelectual, mais sen a carga moral ou espiritual que a asociaría a unha virtude sagrada. Así, Azevedo desacraliza a *paciencia* ao transformala nunha característica humana máis enfocada na resistencia diaria no campo do traballo intelectual ca na resistencia espiritual e moral diante de desafíos divinos. Esa transformación do concepto de *paciencia* reflicte a visión naturalista do autor, que coloca os personaxes baixo o peso de forzas sociais e psicolóxicas que os moldean, sen recorrer a unha explicación transcendental para os seus comportamentos. O personaxe do sabio vello, coa súa *paciencia* racional e enfocada en metas intelectuais, representa a desacralización dunha virtude que, no contexto bíblico, estaba cargada dun profundo significado espiritual e moral pero que, no universo azevediano, acaba por tornarse nunha mera calidade precisa para o cumprimento dunha tarefa mundana. É tamén posible unha lectura diverxente, aínda que complementaria ao que acabamos de argumentar, porque, no final, na frase citada pódese entrever unha certa apreciación da humildade e aplicación do personaxe: «... sen a menor preocupación polos eloxios ou pola gloria...». Non sería posible concluír de aí a idea de que, na sociedade desa época, asuntos pouco importantes ou non-relixiosos pasan por unha sacralización?

6. Nunha *paciencia* de Xob

[...] E ali se ficam, horas e mais horas, *numa paciência de Jó*, o nosso bíblico, tão mudos e quietos como o enorme candelabro de bronze que, a um canto do bazar, levanta a sua figura exótica de uma grande cegonha erguendo-se sobre a massa rasa de uma tartaruga... E o sol sobe e o sol desce, e sempre a passeares com teu esposo, o novo mandarim Leopoldo, com a curiosidade a rir-se na tua boca, nos teus lindos olhos, e no farfalhar constante de tua roupagem de seda de senhora mandarina...

[E allí fican, horas e máis horas, *nunha paciencia de Xob*, o noso bíblico, tan mudos e quietos como o enorme candelabro de bronce que, nun recanto do bazar, levanta a súa figura exótica dunha grande cegoña que se ergue sobre o vulto raso dunha tartaruga... E o sol sobe e o sol baixa, e sempre a paseares co teu esposo, o novo mandarín Leopoldo, coa curiosidade a rirse na túa boca, nos teus lindos ollos, e no farfallar constante da túa roupaxe de seda de señora mandarina...] (Vicente Sobrinho, 1898, p. 80, con ortografía actualizada)

Para entender a expresión *paciência de Job* no contexto de enriba, é importante considerar tanto a referencia bíblica como o ton irónico e descritivo que Vicente Sobrinho lle dá ao texto.

Na Biblia, Xob é un personaxe que simboliza a *paciencia* e a resistencia perante o sufrimento extremo e as adversidades. Foi posto a proba por Deus e perdeu a súa riqueza, saúde e familia, mais mantivo a súa fe e *paciencia* diante do sufrimento. Entón, cando Vicente Sobrinho usa a expresión *paciência de Job*, evoca esa idea de sufrimento silencioso e inmutable, aínda que cun certo ton irónico.

No contexto do texto, esa expresión utilízase para describir a actitude dos personaxes

xaponeses, retratados como imperturbables, pacientes, como *filhos de Nipon* que permanecen inmersos nas súas tarefas, como a artesanía con monicreques, ou como o «candelabro de bronce» inmenso que está quieto mesmo que o sol suba e baixe. A referencia a Xob aquí é máis figurada ca literal. Non se fala de sufrimento, senón da paciencia silenciosa e inmutable dos xaponeses, que seguen cos seus labores coa mesma persistencia ca a do personaxe bíblico, manténdose «mudos e quietos». Esa paciencia tamén se compara co comportamento de Helena e Leopoldo, que observan calmamente o mundo ao seu redor.

Canto á Leopoldo, identificado como o «novo mandarim», é un personaxe central na narrativa. É o esposo de Helena e, como ela, vive no Xapón. A expresión «novo mandarim» sinala un personaxe que se está a situar como parte da elite da sociedade xaponesa, aínda que de maneira falsa, xa que non é un verdadeiro mandarín; é un estranxeiro (probablemente brasileiro) que vive unha fantasía de poder e riqueza asociada á cultura xaponesa, como se el formase parte desa sociedade exótica. Porén, ao longo da narrativa, a súa visión sobre o Xapón pasa por un delirio de idealización que o leva a crear, de forma fantasiosa, a idea dunha «República Japoneza» nun claro contraste coa realidade.

Leopoldo e Helena aparecen descritos de maneira exaxerada e un tanto cómica: Leopoldo é visto como un «mandarín falso» que se imaxina á fronte dun imperio, ata o punto de crear na súa mente unha revolución que transforma o Xapón. A imaxe que ten de si mesmo como un «mandarín» é unha ironía sobre o concepto de poder e autoridade nun país estranxeiro. Ese retrato de Leopoldo e a súa transformación no «mandarín» non é só unha crítica á imaxinación delirante dun brasileiro no Xapón, senón tamén á forma en que a identidade e o poder se poden construír con base en fantasías e prexuízos exóticos.

Podemos destacar a maneira en que o texto, cos seus elementos de exaxeración e crítica social, usa esa fantasía como un reflexo da visión occidental sobre o Oriente. Alén diso, a referencia a Xob amplifica o contraste entre a paciencia e a inactividade dos xaponeses no bazar e a acción dinámica e egoísta dos «falsos mandaríns», que se insiren na sociedade xaponesa de forma superficial.

Polo tanto, Leopoldo é un «mandarín» que, na súa imaxinación, asume un poder e unha identidade asociados ao Xapón, mais sen de feito formar parte daquela cultura. El, xunto a Helena, vese como un turista ou como un «estranxeiro exaltado» que vive as súas propias fantasías e identificacións culturais. A ironía está en como el se ve como unha figura de poder (o mandarín) mentres que é, na verdade, un impostor nesa estrutura.

Estas análises axudan a comprender como Vicente Sobrinho ironiza sobre a relación do Brasil co Xapón, sobre a construción de identidades de poder e sobre a exaltación dunha «cultura do Oriente» polas persoas estranxeiras.

En *Contos e Fantasías*, José Vicente Sobrinho presenta unha serie de elementos que evocan temas cristiáns e bíblicos, reflexando, moitas veces de maneira sutil, a presenza de influencias espirituais que permean na súa escrita. Os títulos, malia que non sempre moi explícitos con respecto ás súas referencias, fan uso de metáforas e imaxes que nos

conducen a conceptos profundos da tradición cristiá, como a saudade, a redención, a intercesión divina e a busca da verdade. Ao analizar eses títulos podemos observar como o autor insire na súa narrativa unha serie de capas espirituais que remiten aos valores cristiáns e aos temas presentes na Biblia.

O título «Soldados Pescadores», por exemplo, fai unha clara alusión ao chamamento de Cristo aos pescadores para se tornaren «pescadores de homes», conforme os Evanxeos de Mateo (4:19), Marcos (1:17) e Lucas (5:10). A figura do pescador no cristianismo comporta un forte simbolismo, pois representa aqueles que teñen a misión de espallar a palabra divina, pescando almas para o Reino de Deus. A palabra «soldados» tamén evoca o combate espiritual, tema abordado en pasaxes como en 2 Timoteo 4:7, onde o apóstolo Paulo fala sobre loitar a «boa batalla» da fe. Así, o título suxire unha xornada de fe e misión, na que os personaxes non só se enfrontan a desafíos físicos, senón tamén espirituais.

En «A Morte de Alfredinho», o tema da morte é abordado de forma que remite á transformación e á redención. Na Biblia, a morte e a resurrección de Cristo son fundamentais para a comprensión do sacrificio e da salvación, e ese concepto da morte como porta a unha nova vida tamén pode encontrarse noutros aspectos da obra. Aínda que o título non faga referencia directa a Cristo, a morte de Alfredinho pode interpretarse como unha metáfora para a superación do sufrimento, a perda e, posiblemente, o renacemento espiritual, temas recorrentes na tradición cristiá.

O título «Nostalgia» remite ao sentimento profundo de saudade, algo que, na literatura cristiá moitas veces se asocia co concepto do «paraíso perdido». A saudade de tempos pasados ou dun estado de graza perdido, como o Edén, é unha condición humana que todo o mundo experimenta nalgún momento da vida. Na Biblia, esa arela de retornar á graza orixinal de Deus é central á historia da salvación. A nostalxia, nese contexto, pode ser vista como un reflexo dese desexo profundo de reconectarse co divino, de restaurar a pureza perdida e alcanzar a paz eterna.

Outro título significativo é «Conto de S. João», que fai referencia directa a san Xoán Bautista, unha figura crucial no cristianismo como o precursor de Cristo. San Xoán, coñecido pola súa mensaxe de arrepentimento e preparación para a vinda do Mesías, representa o camiño de preparación espiritual para a chegada da salvación. O título evoca a necesidade de arrepentimento e purificación, temas que están profundamente ligados á Biblia, especialmente ao ministerio de Xoán Bautista.

En «Velhos Pobres», o título evoca unha visión cristiá da humildade e da pobreza espiritual. Na Biblia, os pobres retrátanse a miúdo como aqueles que son bendicidos por Deus, especialmente no Sermón da Montaña, no que Xesús declara: «Ditosos os que teñen espírito de pobres, porque deles é o Reino dos Ceos» (Mateo 5:3). A pobreza, nese sentido, non se refire só á falta de bens materiais, senón á humildade perante Deus, á simplicidade e á aceptación da dependencia divina. O título suxire, así, unha reflexión sobre a humildade espiritual e a condición dos que, mesmo na súa pobreza, son ricos de fe.

O título «Cartas I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII, IX, X, XI, XII» fai unha clara alusión ás epístolas do Novo Testamento, as cartas escritas por apóstolos como Paulo para instruír

as primeiras comunidades cristiás. Esas cartas, que tratan de temas de fe, moralidade e vida cristiá, foron fundamentais para o ensino e o fortalecemento da fe das primeiras igrexas. O uso numérico dos títulos pode remitir á idea dunha secuencia de reflexións espirituais, como se cada «carta» fose unha meditación sobre a vida cristiá e os seus desafíos.

O título «O Rei de Honolulu» pon sobre a mesa a idea dun «rei», que é unha imaxe central no cristianismo. Cristo aparece descrito na Biblia como o «Rei dos Reis» (Apocalipse 19:16), unha figura de autoridade divina e soberanía universal. O título pode que esta explorando o concepto de liderado e poder divinos e reflectindo sobre cuestións de autoridade, dominio espiritual e a relación entre o ser humano e o divino. A figura do «rei» tamén pode simbolizar a soberanía de Deus sobre todas as nacións e reinos do mundo, un tema presente en varias pasaxes bíblicas.

En «Marujos» (‘mariñeiros’), o título fai alusión ao camiño da vida e aos desafíos que deben afrontar os seres humanos. O mar, na Biblia, adoita usarse como un símbolo de caos e tribulación, mais tamén de transformación e redención. A travesía dos israelitas polo Mar Vermello, por exemplo, é un dos eventos máis significativos da Biblia, que representa a liberación do pobo de Deus. Os *marujos* ou mariñeiros, polo tanto, poden simbolizar aqueles que navegan polas dificultades da vida buscando un destino de salvación e fe e enfrontándose a tempestades e adversidades coa confianza de que Deus está ao seu carón.

En «A Minha Irmã: Saudades» explórase o tema da fraternidade, profundamente presente na Biblia, que salienta o amor fraternal como un principio fundamental da vida cristiá. «Amádevos uns aos outros», como Xesús instruíu en Xoán 13:34, reflecte a importancia do amor entre irmáns, algo que transcende ata a morte e a separación. A saudade da irmá pode simbolizar ese amor profundo e inquebrantable, suxerindo unha conexión espiritual que vai alén da vida terreal.

De forma xeral, os títulos das obras de José Vicente Sobrinho están impregnados de significados que evocan a Biblia e as súas ensinanzas centrais. Mediante referencias directas ou indirectas á tradición cristiá, como o emprego de símbolos de arrepentimento, salvación, humildade e redención, o autor constrúe un universo literario profundamente espiritual. Mesmo en narracións que tratan de cuestións cotiás ou persoais, a presenza deses temas cristiáns e bíblicos enriquece a obra, conferíndolle unha dimensión transcendental que dialoga con cuestións universais da condición humana. Así, a literatura de Sobrinho non só reflecte as complexidades da vida, senón que tamén nos convida a unha reflexión profunda sobre o papel da fe, do sufrimento e da redención na nosa viaxe espiritual.

A figura do pallaso Delfino, aínda que nun contexto grotesco e traxicómico, posúe unha resonancia coa paciencia de Xob. Delfino, que loita contra o sufrimento do seu fillo moribundo, lembra o personaxe bíblico que, malia perdelo todo (bens, saúde e fillos), mantén a súa fe. Con todo, a comparación non é directa; o padecemento de Delfino non está ancorado nunha promesa divina de recompensa, senón nunha persistencia humana, marcada pola dor e pola resignación perante a morte inminente. Aquí, a paciencia de Delfino pode

verse como unha subversión da paciencia cristiá de Xob. Non se trata dunha aceptación esperanzada dun fin redentor ou transcendental, senón dunha resistencia amarga e humana, desprovista da promesa bíblica dunha recompensa celestial. A relixiosidade popular tamén penetra na narración, como na figura de María, descrita de maneira simple e mesmo ruda. É evocada como unha protectora, como na devoción dos pescadores cara á Nosa Señora. A escolla da figura de María, mesmo nunha forma «rústica e fea», leva consigo o peso simbólico dunha intercesora acolledora e próxima, distante da pompa relixiosa, mais presente nas pequenas traxedias e dificultades cotiás. Ela non é unha figura celestial distante, senón unha imaxe de protección constante no cotián dos pescadores, moito máis próxima das tradicións populares de fe que valoran a comodidade divina nas adversidades do día a día. Da mesma forma, a cruz e o sacrificio están presentes de maneira simbólica, tanto no farallón onde a cruz «apodrece» como noutras imaxes que remiten ao sufrimento e á transición entre a vida e a morte. Esas representacións, así como evocan o sacrificio de Cristo, tamén forman parte do retrato dun mundo onde as promesas divinas parecen lonxe ou inatinxibles. A cruz que podrece é unha metáfora poderosa para a falta de valores espirituais no mundo material e, ao mesmo tempo, serve como un testemuño da decadencia dunha fe institucionalizada, dando lugar a unha fe máis crúa e humana. O mar, como escenario que envolve os pescadores, convértese nunha metáfora bíblica para a tempestade da vida. No cristianismo, o mar moitas veces representa as dificultades e a falta de control sobre o destino. É a gran forza do caos, mais tamén é o espazo onde se esperan milagres. Cando o mar acalma e a vela de Nicoláu é avistada, teñen a sensación dunha intervención divina, aínda que fugaz ou ilusoria. O propio acto de navegar é unha metáfora para a viaxe da vida humana, chea de reviravoltas e incertezas, mais tamén repleta de posibilidades de salvación e transcendencia, como as pasaxes bíblicas que falan da travesía do mar, como o Mar Vermello ou a tempestade acalmada por Cristo. En medio da tempestade da vida, a fe, como a vela de Nicoláu, pode iluminar o camiño, mesmo que sexa por un breve lapso, antes de se somerxer nas ondas da adversidade.

7. Consideracións finais

O presente estudo puxo de manifesto a significativa transformación das expresións de orixe bíblica na literatura brasileira do século XIX, principalmente no que atinxe á desacralización do sagrado e á reconfiguración das nocións de virtude e moralidade. Ao explorar o uso de expresións bíblicas como *ter a paciência de Jó*, nas súas variantes fraseolóxicas, verificamos como os escritores da época, como Joaquim Manuel de Macedo, José de Alencar, Aluísio Azevedo e Valentim Magalhães, manipularon esas referencias relixiosas, subvertendo os seus significados orixinais e utilizándoas para criticar as convencións sociais e relixiosas vixentes. A literatura, ao ironizar sobre e ata desacralizar a virtude cristiá da paciencia, revelou as tensións e contradicións dunha sociedade que, aínda que profundamente relixiosa, se distanciaba da verdadeira vivencia dos principios espirituais que profesaba.

A análise das obras deses autores demostrou que a literatura brasileira do século XIX non só preservou a herdanza relixiosa, senón que tamén a reinterpretou, ao incorporar un ollar

máis crítico e literario sobre a Biblia. Influenciados pola revolución da Ilustración e pola crecente crítica literaria, os escritores pasaron a considerar a Biblia non só como un texto sagrado, senón tamén como un texto fundamental da cultura occidental, permitindo unha abordaxe máis plural e universal das súas ensinanzas. A literatura, así, foi fundamental para a reconfiguración da moralidade e das dinámicas de poder, ao desafiar as fronteiras entre o sagrado e o profano.

Alén diso, o estudo da obra de José Vicente Sobrinho revelou como o autor, ao evocar temas espirituais e símbolos cristiáns, propón unha reflexión máis humana sobre o sufrimento e a fe, distantes das promesas de recompensa divina e centradas na experiencia cotiá da espiritualidade. A literatura de Sobrinho presenta unha abordaxe máis profunda da condición humana ao reflexionar sobre as adversidades da vida e as cuestións existenciais, ao mesmo tempo en que preserva a influencia dos valores cristiáns.

A literatura brasileira do século XIX desempeñou un papel esencial na transformación das expresións bíblicas e na crítica á moralidade da época. A desacralización da paciência e doutros conceptos relixiosos non só subverteu as súas asociacións co sufrimento redentor, senón que tamén reflectiu a hipocrisía e a superficialidade da sociedade da época, propondo unha reflexión crítica sobre os valores cristiáns e sobre a súa aplicación nas convencións sociais. Ao desafiar os límites entre o sagrado e o profano, a literatura amosouse como un espazo de resistencia, onde a espiritualidade non se presenta como unha verdade inmutable, senón como un campo aberto a cuestionamentos e reinterpretacións, enriquecendo así a comprensión da relación entre fe, moralidade e sociedade.

8. Referencias bibliográficas

- Adamia, Z., Shelia, M., Marhania, M. (2020). Comparative Analysis of Biblical Phraseological Units with Blue and Green Colour Components (on the Example of English, Russian and Georgian). *Науковий вісник Ужгородського університету. Серія: Філологія*, 2(44), 17-22. [https://doi.org/10.24144/2663-6840.2020.2.\(44\).17-27](https://doi.org/10.24144/2663-6840.2020.2.(44).17-27)
- Alencar, J. de (1866). *As minas de prata: romance* (volume 4). B. L. Garnier. <https://digital.bbm.usp.br/handle/bbm/4708>
- Azevedo, A. (1889). *O Coruja*. B. L. Garnier. <https://digital.bbm.usp.br/handle/bbm/4814>
- Balibar-Mrabti, A. (2005). Semi-figement et limites de la phrase figée. *Linx*, 53, 35-54. <https://doi.org/10.4000/linx.256>
- Benveniste, É. (2005). *Problemas de lingüística geral I*. Pontes.
- Cajzlová, K.. (2017). *Biblical idioms in the American Press: A Corpus-Based Study*. [Traballo de Fin de Curso, Bacharelato en Lingua e literatura inglesa, Department of English and American Studies, Faculty of Arts, Masaryk University]. https://is.muni.cz/th/cxexw/Cajzlova_BA_thesis.pdf
- Cantera Ortíz, J. (2005). Fraseología bíblica comparada. Su reflejo en el refranero español. *Paremia*, 14, 27-41. https://cvc.cervantes.es/lengua/paremia/pdf/014/002_cantera.pdf

- Fedulenkova, T. (2020). Modern Life Of Biblical Phraseology And Its Variants In English. *European Proceedings of Social and Behavioural Sciences*, 86, 1476–1485. <https://doi.org/10.15405/epsbs.2020.08.171>
- Funk, G. (1998) A Bíblia como indicador da importância do provérbio no âmbito de culturas diferentes. *Paremia*, 7, 97-106. https://cvc.cervantes.es/lengua/paremia/pdf/007/012_funk.pdf
- Gémes, M. T. (2022). *Quando pequenos mundos se despedaçam. O ciclo sombrio de José J. Veiga. Reconhecimento, Perspectiva, Poder e Fantástico*. Pedro & João Editores.
- Gjergji, S. (2015). Expressões fraseológicas emprestadas da linguagem bíblica com características religiosas: uma visão integradora entre o inglês e o albanês. *European Journal of Research and Reflection in Arts and Humanities*, 3(4), 28-39.
- Kováčová, V. (2017). Biblická frazeológia v intra-/interjazykovom slovenskom a českom kontexte II [Biblical phraseology in intra-/interlinguistic Slovak and Czech Context II]. *Journal of Linguistics/Jazykovedný casopis*, 68(3), 473-490. <https://doi.org/10.2478/jazcas-2018-0003>
- Lima, A. de O. (2023). Ler a Bíblia como Literatura: sobre a dessacralização de um texto fundamental. *Clássica – Revista Brasileira de Estudos Clássicos*, 36, 1-13. <https://doi.org/10.24277/classica.v36.2023.1005>
- Luque Nadal, L. (2010). Las referencias bíblicas en inglés y en español. Estudio culturoológico contrastivo. *Odisea: Revista de estudios ingleses*, 11, 269-283. <https://doi.org/10.25115/odisea.v0i11.332>
- Macedo, J. M. de (1845). *O moço loiro (Tomo I)*. Typ. de Carlos Haring. <https://digital.bbm.usp.br/handle/bbm/3977>
- Magalhães, V. (1888). *Horas Alegres*. Laemmert & Cia. <https://digital.bbm.usp.br/handle/bbm/7825>
- Mellado Blanco, C., Martins, V. de P. da S. (2024). *O Pão Nosso de Cada Dia: A Fraseologia Bíblica e Sua Representação na Literatura Brasileira do Século XIX*. Pedro & João Editores.
- Ocheretna, O., Karpova, D., Kostromina, O., Kharkova, H. (2022). English Biblicisms in Colloquial Speech and a Literary Text: Looking for the Right Interpretation. *Wisdom*, 3(2), 206-216. <https://doi.org/10.24234/wisdom.v3i2.628>
- Puchner, M. (2019). *O Mundo da Escrita: Como a Literatura Transformou a Civilização*. Companhia das Letras.
- Ralić, S. (2015). *Interprétation et traduction d'expressions figées du français vers le serbe dans un corpus littéraire contemporain* [Tese de Doutorado, Université Paris-Sorbonne – Paris IV]. <https://theses.hal.science/tel-04289716>
- Reunova, E. V. (2012). Pragmalinguistic characteristics of biblical idiomatic expressions in Russian, Spanish, Italian, French, and English. *Russian Journal of Linguistics*, 1, 26-32. <https://journals.rudn.ru/linguistics/article/view/9563>
- Tvveedale, M. (ed.) (2006) [1592]. *Biblia Sacra juxta Vulgatam Clementinam* (2006). CBCEW. <https://www.wilbourhall.org/pdfs/vulgate.pdf>
- Vicente Sobrinho, J. (1898). *Contos e phantasias*. Typographia Brazil de Carlos Gerke & Cia. <https://digital.bbm.usp.br/handle/bbm/5228>